

eu RAZO BALDAIO



“ COÑECER
PARA VALORAR



www.carballo.gal/euqueroRB

Colaboran:





Despois do éxito das edicións pasadas, desde o Concello de Carballo queremos dar continuidade ao proxecto “Eu quero Razo-Baldaio”, que pretende crear hábitos de turismo consciente no litoral de Carballo. Para iso contaremos de novo coas entidades que veñen desempeñando accións

relacionadas coa sustentabilidade da nosa costa. Tanto o Concello como as entidades colaboradoras neste proxecto buscamos a valorización do contorno co obxectivo de que canto mais se coñeza mais se respecte.

Neste ano tamén queremos formar parte da homenaxe a O Xestal, unha persoa comprometida coa protección da nosa marisma de Baldaio, ademais de veciño da nosa parroquia de Lema. Realizaremos unha figura en madeira que esperamos teña presenza polos anos no noso litoral.

Incorporamos ademais unha Ruta andando a Razo desde Carballo que esperamos sirva para que a nosa veciñanza coñeza este novo xeito de chegar ao noso mar.

PROGRAMA

A maioría das accións programadas requirirán de preinscrición. As persoas participantes deberán achegarse polos seus propios medios ao punto onde se desenvolvan as actividades.

XULLO

05 EXPLORANDO AS POZAS DA MAREA

08 FAUNA E FLORA DAS CONTORNAS DUNARES

10 A 14 OBRADOIROS DE RESTAURACIÓN DAS ESCULTURAS DO LITORAL

12 XORNADA DE ELIMINACIÓN DE INVASORAS

12, 13 E 14 OBRADOIRO DE CREACIÓN DA ESCULTURA DO XESTAL, HABERÁ

INAUGURACIÓN HOMENAXE

15 E 16 OBRADOIRO DE PEGADAS E OS INDICIOS NOS CAMIÑOS

22 RUTA CULTURAL POLA COSTA DE CARBALLO

26 A NOITE DAS AVELAÍÑAS

29 RUTA ANDANDO A RAZO

AGOSTO

05 ROTEIRO NOCTURNO POLA EIRA DAS MEIGAS

12 AS ORIXES E A XEOLOXÍA DA COSTA DE CARBALLO

16 INICIACIÓN Á ORNITOLOXÍA

19 FESTA DA PRAIA E ACTUACIÓN DE CIRCUS MAGNÍFICOS

23 SIMULACRO DE RESCATE DE CETÁCEOS

24 NOITE DE ASTRONOMÍA

26 LIMPEZA COLECTIVA DAS PRAIAS DE RAZO E BALDAIO, PLÁSTICOS E MICROPLÁSTICOS

OBRADOIRO DE CREACIÓN DA ESCULTURA DO XESTAL, HABERÁ INAUGURACIÓN HOMENAXE

Será o escultor “Yosi” quen realizará unha escultura feita con motoserra nun tronco de piñeiro de 2 metros de alto por 0,80 de diámetro.

RUTA A RAZO POLA SENDA PEONIL

Cremos que a nova senda peonil a Razo debe ser unha ruta a promover para crear unha unión maior entre a cidade e a praia de Razo, co obxectivo de que se converta nunha ruta habitual.

OBRADOIRO DE RESTAURACIÓN DAS ESCULTURAS DO LITORAL

Procederase a incluír este ano no proxecto a restauración do arroz de Baildaio, da Píllara de Razo e do Enebria de Santa Irene, unha actividade que poderá ser seguida polo público en xeral, e que será realizada polo autor das esculturas.